Resumo

Unidade 4

O Renacemento é un movemento cultural parello á constitución dos Estados Modernos e á formación da economía mercantil. A súa orixe é Italia e de aí esténdese por toda Europa durante os séculos XV a XVII. Houbo unha recuperación (un *renacer*) do mundo clásico fronte ao predominio da relixión como condicionante único da realidade propia da Idade Media.

Co humanismo como movemento intelectual do Renacemento, substitúese o teocentrismo medieval polo antropocentrismo moderno. A *nova ciencia* supón cambiar o xeocentrismo polo heliocentrismo, e o método dedutivo aristotélico polo valor da experiencia e da razón. Fronte a Deus, ao redor do que xiraba absolutamente todo na etapa medieval, agora o ser humano, libre e racional, vai ser o centro das reflexións e preocupacións.

O Renacemento pasa por tres grandes etapas:

→ *pre-renacemento* do século XV, con referencia en Florencia;

→ *renacemento pleno*, na primeira metade do século XVI, con centro en Roma;

→ *manierismo*, na segunda metade do XVI, con incidencia en Venecia.

Na literatura podemos comentar o substancial de cada xénero. Na lírica dáse a influencia do petrarquismo. En Italia destacan Bembo e Poliziano; en Francia o grupo poético da *Pleiàde;* en Portugal son moi importantes Gil Vicente e Sá de Miranda, introdutor do soneto italiano, ademais de António Ferreira. En Alemaña a reforma de Lutero vai condicionar tematicamente a literatura, entre a que destaca a lírica relixiosa.

Na épica culta renacentista, destacan obras de influencia clásica ou virxiliana, como a *Franzíada* de Ronsard, ou aventuras contemporáneas, como no caso de *Os Lusíadas* do portugués Camões, en que se suceden fazañas cabaleirescas situadas en tempos afastados ou contextos relixiosos como, por exemplo, a *Xerusalén liberada* de Tasso.

Moi importante é a prosa didáctica, xénero propicio para a exposición e divulgación das ideas humanistas. Aquí destacan Maquiavelo co seu *O príncipe*, grande obra de ciencia política, Tomás Moro, con *Utopía,* Erasmo de Rotterdam con *Eloxio da Loucura,* Baltasar de Castiglione con *O cortesán,* ou Montaigne, fundador do ensaísmo moderno cos seus precisamente chamados *Ensaios.*

Na prosa de ficción, onde atopamos todo tipo de novela (cabaleiresca, sentimental, bizantina, picaresca, etc), destaca a de temática pastoril *A arcadia* de Sannazaro ou a satírico-burlesca *Gargantúa e Pantagruel* de F.Rabelais. Tamén é o momento de Cervantes.

No teatro, son fundamentais Italia, coa súa *comedia dell´Arte* e Inglaterra co teatro isabelino, culminado pola obra de Shakespeare, xa nas fronteiras co barroco.